

## O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

### 1. Panorámica do teatro de posguerra

#### 1.1. A lenta recuperación dos anos cincuenta

Malia que a primeira obra dramática publicada despois da Guerra Civil foi unha zarzuela de José Trapero Pardo titulada *¡Non chores, Sabeliña!* (Lugo, 1943), foi na década de 1950 cando se iniciou unha lenta recuperación da escrita dramática que se divide en tres liñas temáticas:

- o teatro vangardista, que continúa a liña anterior á Guerra Civil,
- o teatro rexionalista e
- o teatro da angustia existencial.

- **O teatro vangardista.** Esta tendencia é continuadora da liña vangardista de preguerra; nela cómpre incluír a Ramón Otero Pedrayo, Jenaro Marínhas del Valle e Ánxel Fole.

Aínda que **Ramón Otero Pedrayo** pertence ao grupo Nós, anterior á Guerra Civil, a súa produción esténdese tamén polos anos da posguerra e contribuír á recuperación do teatro, inicialmente con dúas obras:

En 1952 publica *O desengano do prioiro ou O pasatempo da alegría, co grande auto epilodal e xusticieiro dos féretros de Floravia*. Nela, o autor contrapón a Vida, simbolizada polas forzas dionisiacas, e a Morte, representada pola industria dos féretros que estaba a establecerse no Ribeiro.

En *Traxicomedia da noite dos Santos* (1960) leva ao teatro os temas da súa novela *Arredor de si*. Nesta peza presenta a viaxe en soños polo seu interior dun fidalgo que tamén é poeta.

Como a súa obra continúa durante toda a posguerra será incluído no que se coñecerá como Grupo de Enlace.

Isto mesmo ocorre con **Jenaro Marínhas del Valle**, que publicou en 1952 *A serpe. Conto de monifates, en oito diálogos, acotacións e coros*, que se pode incluír no teatro de tema popular.

Pola súa parte, **Ánxel Fole** publicou en Bos Aires *Pauto do demo* (1958); o feito circunstancial de que esta obra saíse á luz na cidade arxentina é froito da situación política que se vivía en Galicia, mais non se pode incluír, por iso, no apartado do exilio. A peza é plenamente inscribible no teatro vangardista que segue a liña de preguerra.

En canto ao tema, repítense as constantes da narrativa do autor: a superstición, o máis alá, a emigración e as relacións amorosas apaixonadas, todo isto mesturado con humor e retranca. A trama plasma o traspaso de poderes da Meiga de Torbeo a unha rapaciña antes de morrer. O feito é unha venda que se realiza con testemuñas, pero Ramiliño, namorado da moza, non permite a transmisión da maxia da meiga á rapaza.

- **O teatro rexionalista.** Trátase dunha tendencia continuísta con respecto ás obras anteriores á Guerra Civil. Nela pódese incluír a José Trapero Pardo, Leandro e Uxío Carré Alvarellos, Xosé Luís López Cid, Xosé Ibáñez Fernández, Ramón González-Alegre e Xan Estrada.

Os temas das pezas destes autores van desde a tradición máis netamente costumista ao sainete urbano, pasando pola liña ruralista e reivindicativa.

- **O teatro da angustia existencial.** Esta liña está constituída basicamente polas seguintes obras:

- *Vieiro choído* (1957) de Xosé Luís Franco Grande
- *O auto do taberneiro* (1957) de Manuel María
- *Midas* e *O ángulo de pedra* (1958) de Isaac Díaz Pardo, dúas obras publicadas en Bos

Aires.

Trátase de pezas que reflicten a situación traumática que vive a sociedade durante a ditadura e o consecuente abatemento moral que sofre.

As dúas primeiras son consideradas “teatro para ler” e presentan un carácter máis reflexivo e simbólico. As dúas pezas de Díaz Pardo seguen igualmente o espírito da Escola da Tebra polo seu pesimismo, pero nelas si existe acción. N'*O ángulo de pedra*, o autor transmite a traizón dunha sociedade que sacrifica a quen loita polas súas ideas para conseguir un mundo mellor. Polas súas connotacións políticas, as obras de Isaac Díaz Pardo non se podían publicar en Galicia.

### 1.2. A actividade cultural dos anos sesenta

Durante os anos sesenta agromaron iniciativas para continuar co labor de desenvolvemento do xénero dramático. De forma parella medraban o nacionalismo clandestino e o asociacionismo cultural, que viron no teatro un xeito de reivindicar e espallar o seu ideario. Con este obxectivo, celebrouse o **Certame do Miño** en Lugo en 1960. Algúns dos finalistas foron Álvaro Cunqueiro, Daniel Cortezón, Xosé Luís Franco Grande, Manuel María e Arcadio López-Casanova.

Este tipo de iniciativas estendeuse por outros lugares de Galicia e, anos máis tarde, en 1963, celebrouse o **Concurso Castelao** durante tres anos consecutivos. Os gañadores das tres convocatorias foron, sucesivamente, Ángel de la Peña, Xohana Torres e Jenaro Marinho del Valle.

## 2. O Grupo de Enlace

Despois das primeiras tentativas dos anos cincuenta a nómina de autores que se preocupou pola normalización da cultura galega a través do teatro como medio de concienciación política engrosouse. Algúns deles participaron nos escasos certames e concursos dramáticos que se celebraron nos anos sesenta.

A denominación de **Grupo de Enlace** está tomada da lírica e, como o seu nome indica, os autores que o conforman serven de conexión entre a dramaturxia de preguerra e a renovación que supuxo o teatro independente dos anos setenta, que levaría a cabo o chamado Grupo Abrente.

Os autores deste grupo comparten algunhas características: non se dedican só ao xénero dramático; serven de modelos a xeracións posteriores e crean o teatro infantil.

Dentro do grupo de Enlace podemos incluír a Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Xosé Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Jenaro Marinho del Valle, Manuel María, Daniel Cortezón, Xohana Torres, Bernardino Graña, Tomás Barros, Xosé Luís Franco Grande, Xosé Manuel Rodríguez Pampín e Arcadio López-Casanova.

Son destacables as achegas dalgúns deles como:

- **Ramón Otero Pedrayo** (Ourense, 1888-Trasalba, 1976), que xa escribira antes da guerra *A lagarada* (1929) e *Teatro de máscaras* (arredor de 1934, pero publicada en 1975). Á parte das contribucións dos anos 52 e 60, a obra dramática de Otero Pedrayo continúa na década dos setenta con *Noite compostelá* (1973) e *O fidalgo e a noite* (1979), as dúas protagonizadas por dous fidalgos.
- **Eduardo Blanco Amor** (Ourense, 1886-Bos Aires, 1950) publicou en 1973 *Farsas para títeres* e en 1974, *Teatro pra a xente*. A maioría da crítica divide a obra dramática de Blanco Amor en dous subxéneros: as farsas e os autos.
  - As **farsas** son obras moi imaxinativas, cheas de elementos fantásticos e satíricos, que nos recordan o teatro do absurdo europeo e o esperpento de Valle Inclán. Os personaxes son descritos de xeito esquemático e a ambientación escenográfica é escasa. Están pensadas para un público cultivado. Son farsas *Romance de*

*Micomición e Adhelala, Amor e crimes de Juan “El Pantera”, Falsa morte e certa morte de Estoraque o Indiano e Un refuxio para Celestina.*

- Os **autos** son pezas de realismo costumista, que recrean personaxes e situacións collidas do mundo rural galego. Foron escritas para un público pouco ou nada afeito a ler ou a ver teatro. O deseño dos protagonistas aparece amplamente detallado e está acompañado de música, xogos de luz, cor e movemento. Destacan *Anxélica no ombral do ceio* e *A verdade vestida*.

As pezas de *Teatro pra a xente* (1974) presentan un carácter máis popular e ruralista fronte ao vangardismo das anteriores. Este volume inclúe *O cantar dos cantares ou Galicia 1948*, a peza de teatro infantil *Fas e Nefas ou O castelo enmeigado número 5000 e pico*, *Os baralláns*, *A carauta* e tres contos escénicos: *A tía Lambida*, *A lebre das ánimas* e *A medosa Blandina*. Esta consiste nun diálogo dun mozo e unha moza á volta dunha festa, no que ela xoga con palabras insinuantes.

No volume das *Farsas* debía figurar a peza *Proceso en Jacobusland. Fantasía xudicial en ningures*, que foi prohibida pola censura e non viu a luz ata 1980. Nela, os bonecos que a protagonizan mostran a inxustiza dos últimos xuízos franquistas reflectindo unha realidade dura e sen sentido.

- **Álvaro Cunqueiro** (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), narrador e poeta, cultivou tamén o xénero dramático.

A súa primeira obra publicada despois da Guerra Civil apareceu incluída na novela *As crónicas do Sochantre* (1956) co título *Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados*. Trátase dunha peza breve que contén unha recreación moi persoal dun motivo shakespeariano, como tamén recrea ao autor británico na seguinte obra, a súa creación máis célebre, *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958).

Cunqueiro presenta a trama como o cumprimento do derradeiro desexo do Hamlet shakespeariano e é verdadeiramente orixinal tanto na súa dimensión ideolóxica como na formal. Mestura este personaxe mítico con trazos doutros como Edipo e Orestes, recupera o primitivo costume das raíñas dinamarquesas de poderen casar cos seus fillos e acerta co emprego do coro como encargado de interpretar a conciencia colectiva e condenar o parricidio e o incesto.

En 1965 publicou *A noite vai coma un río*, unha obra na que predomina a lírica. Está dividida nun prólogo, dúas xornadas e un epílogo e protagonizada por dona Inés e a súa ama Modesta. Na súa torre, dona Inés agarda os fuxitivos dunha guerra; despois do encontro volve a soidade e a decepción, porque ela non é quen de amar un home concreto, senón que está namorada dos xestos e fórmulas adoptadas pola tradición da literatura amorosa occidental.

Cunqueiro deixou outras dúas pezas inacabadas: *A dama que enganada por un demo elegante quixo mercarlle ao vento a perdiz que falaba, ou A verdadeira historia dun mandarín que por non gastar quedou cornudo* (1961) e *Palabras de víspera* (1974), na que aparece a infanta Urraca namorada do seu irmán, o rei Afonso VI de León, na véspera do xuramento que este debe facer en Santa Gadea de Burgos para defenderse dos que o acusaban de participar na morte do seu irmán e antecesor, o rei Sancho de Castela.

- **Jenaro Marinhas del Valle** (A Coruña, 1908-2000) concibiu feito dramático como medio de educar o pobo no sentido de que “educar será sempre posibilitar independencia; edúcase un home, un pobo, para que poiida pensar, opinar e decidir por propia conta, ceibe de toda tiroría, ditado ou ditadura”.

Entre as súas obras posteriores aos anos cincuenta atópase *Monifates* (1964), volume que

comprende *O triángulo ateo*, *A chave na porta*, *Escaparate de baratillas* e *A redención*. Estas pezas reeditáronse ao ano seguinte noutro libro titulado *A revolta e outras farsas*, e no que tamén se inclúe o drama *A obriga. Auto non sacramental en tres tempos*. A estas pezas dos anos sesenta súmanse outras máis breves como *A pequena farsa dos amores desencontrados*. Todas as anteriores presentan como tema a reflexión política e social.

Entre as obras que tratan cuestións morais destacan *Loucura e morte de Peregrino. Conto dramático* (1972), *Dúas pezas de teatro inerte: Os ausentes. No palleiro* (1974) e *O bosque* (1977).

Posteriormente escribiu *Acurrados* (1981), unha das súas pezas de maior intensidade dramática.

Volve ao teatro popular en *Ramo cativo. Folc-drama em tres estâncias* (1990).

Por último, na peza *A gaiola. Entremés dividido en cinco quadros* (1995) combina de novo a reflexión política e o problema da liberdade do individuo.

- **Ricardo Carballo Calero** (Ferrol, 1910-Santiago, 1990) iniciouse no cultivo do teatro antes da Guerra Civil; desa etapa son *O fillo. Acción dramática en dous actos*, escrita en 1935; e *Isabel*, unha comedia dividida en tres actos, cuxa redacción foi interrompida pola guerra. Ambas as pezas desenvólvense nun pazo e presentan como protagonistas un personaxe da fidalguía e outro de clase máis baixa, pero tamén rural. As dúas viron a luz en 1982, no volume *Teatro completo*.

En 1963 publicou *A farsa das zocas*, na que segue a liña de Otero e Castelao e aplica a técnica da farsa a contidos da vida rural e da tradición. Esta peza ten un carácter lúdico, como tamén o ten *O redondel*, creada en 1951.

No resto da súa obra, o amor, o máis alá, a arte e a política converteranse nos motivos centrais.

*A árbore, auto en tres escenas e un epílogo-prólogo* (1965) e *A sombra de Orfeo* (1971) son dúas obras elaboradas polo autor en 1948 e presentan un tema común: o rexeitamento do amor e da muller, como fonte de desdita para o home.

Na súa obra *O auto do prisioneiro* (1970) trata a angustia existencial do ser humano, de novo cunha visión misóxina.

Mais a súa mellor creación é a última das súas pezas dramáticas, *Os xefes* (1982). Está dividida en tres actos imitando a de Castelao, debido á admiración que lle profesaba. Os dous primeiros son paralelos e están protagonizados por dous xenerais e senllos exércitos contrarios. Tras reunións de oficiais, roldas de prensa e reflexións dos xenerais, no último acto, os xefes chegan ao acordo de eliminar as faccións máis extremistas dos seus grupos e gobernar seguindo unha ideoloxía de centro, co que se realiza unha feroz crítica da política de transición.

- **Daniel Cortezón** (Ribadeo, 1927) escribe a primeira peza en 1966, o drama *Nicolás Flamel*, onde presenta unha visión negativa do ser humano, xa que cuestiona a rendibilidade dos avances científicos cando non son capaces de conseguir a xustiza social.

O resto das súas obras dan a coñecer episodios da historia de Galicia. Defende que o xénero dramático galego teña como base a revisión da nosa historia, tanto para evitar a desmemoria coma para provocar unha reacción popular e abrir unha porta á esperanza.

Comezou este labor con *Prisciliano* (1970), obra á que seguen *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1974), *Os irmandiños* (1978) e *Pedro Madruga* (1981). Nelas rompe a visión tradicional que narra a historia de España, mais tamén a do nacionalismo histórico.

Despois da Idade Media, trata a Idade Moderna e a primeira parte da Contemporánea resumíndoas na peza *A diáspora* (1981), na que toma como motivo central a emigración.

O último período histórico é tratado nunha tetraloxía titulada *Castelao ou a paixón de Galicia*, na que traballou durante máis de dez anos e que está formada por: I. *O animador de ilusións* (1986), II. *As árbores e os xuncos* (1989). III. *Intermezzo bufo* (1996) e IV. *O pudor e a angustia* (1997). O autor vai repasando a biografía de Castelao e o percorrido histórico no que se desenvolve. É destacable a teimosía do autor por desmitificar a figura de Castelao.

- **Manuel María Fernández Teixeiro** (Outeiro de Rei, 1931-A Coruña, 2004) publicou en 1961 *Auto do mariñeiro* e *Auto do labrego*, que continúan a tendencia de *Auto do taberneiro*; todas elas son practicamente poemas dramatizados.

A súa dramaturxia é de corte popular, sen complicacións narrativas nin escénicas.

Escribiu varias pezas teatrais para rapaces, entre as que destacan *Barriga verde* (1968), *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979) e *Auto do maio esmaiolado* (1982).

Noutras obras predomina o carácter reivindicativo, polo que reciben o nome de dramas épicos: *Unha vez foi o trebón*, *Abril de lume e ferro* e *A lúa vai encoberta*. Nestes trata as revoltas irmandiñas, a revolución de 1846 e o desenvolvemento do nacionalismo na posguerra, respectivamente. A crítica ao réxime franquista aparece en *Farsa de Bululú*, coa que gañou o I Premio Abrente en 1973. Mais ningunha das pezas anteriores foi publicada na década de 1970, cando se escribiron. *Abril de lume e ferro* saíu á luz en 1989 e as restantes en 1992.

- **Xohana Torres** (Santiago de Compostela, 1931) publicou dúas obras: *A outra banda do Íberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968).

A primeira trata as difíciles circunstancias vitais dos exiliados e dos perseguidos no interior; a segunda céntrase no problema da expropiación de terra para que outros se enriquezan, neste caso ao construír un hotel de luxo. Ambas contan con protagonista feminina; as dúas reflicten a dor que provoca o abandono e a destrución da terra.

- **Bernardino Graña** (Cangas, 1932) inicia a súa andaina teatral en 1962 coa obra *20.000 pesos crime, peza dramática en cinco pasos*. O autor vincúlala á Nova Narrativa polo tratamento da violencia, a ausencia de moral e as fortes paixóns que se desencadean no relato dun asasinato.

Intenta que o resto da súa obra sexa apta para toda clase de público e que conte cunha intencionalidade lúdica e instrutiva. Nesta liña inclúense as farsas *Sinfarainín contra don Perfeito* (1975) e *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)*, premiada no Certame Abrente de 1979 e publicada en 1992.

Estes autores serven de enlace cos da xeración posterior, o grupo Abrente, e coa seguinte etapa da dramaturxia galega, a do teatro independente.

### 3. O teatro independente. As mostras de Ribadavia

Durante as décadas de 1960 e 1970. o teatro independente propúxose achegar o xénero dramático ao pobo. As compañías tiñan carácter itinerante e percorrían Galicia con certo afán galeguizador.

Pero o cambio de rumbo do teatro de fins de século tivo lugar en 1973. Trátase dunha data crucial no desenvolvemento do xénero dramático no sistema literario galego, xa que a partir da **I Mostra** e do **I Certame Abrente de Teatro Galego** celebrados en **Ribadavia** nese ano, os grupos tiveron un punto de encontro para saber uns dos outros. Este feito propiciou o diálogo entre autores, actores, directores e público, e favoreceu que o teatro feito en Galicia se decidise polo galego. Estes encontros durarían oito anos.

En 1976 xorde o **Centro Coordinador do Teatro Galego**, que se propón como obxectivos ser unha alternativa práctica para a normalización do teatro en galego. Nel integráronse grupos como O Facho e Teatro Circo da Coruña, Antroido de Santiago e Valle Inclán de Lugo, ata reunírense once. Estas agrupacións propugnaban un uso consciente e único do galego e unha ideoloxía nacionalista.

O teatro independente alcanzou varios logros: chegar a todo o territorio do país a través da itinerancia, normalizar o galego nos escenarios e crear unha dramaturxia propia, comprometida e actualizada.

### 3.1. O Grupo de Ribadavia ou Grupo Abrente

Este grupo de dramaturgos, que recibe o nome do certame en que participaron, engloba autores coma Manuel Lourenzo Pérez, Euloxio Ruibal, Roberto Vidal Bolaño, Xosé Agrelo Hermo, Millán Picouto Iglesias ou Francisco Taxes Prego.

Todos eles presentan características comúns:

- estiveron vinculados ás actividades dramáticas non só como escritores, senón tamén como directores, actores, etc.
- impulsaron a profesionalización do sector;
- crearon un teatro comprometido coa realidade social e política do país;
- exploraron novas formas estéticas, actualizaron as vellas e incorporaron ao teatro galego os logros da dramaturxia europea contemporánea;
- conseguiron a normalización lingüística da escena;
- serviron de guía ás xeracións posteriores.

- **Manuel Lourenzo** (Ferreira do Valadouro, 1943) é tamén ensaísta, tradutor, actor, director e profesor de actores na súa Casahamlet da Coruña. Este creador mostra varias liñas temáticas na súa prolífica produción:

- **A utilización do mito.** Retoma contidos e personaxes da mitoloxía clásica nas súas pezas dramáticas. Un exemplo disto é a obra *Romería ás covas do demo* (1969), na que recrea o mito de Fedra mesturado coa tradición cristiá e coa literatura galega culta (Rañolas) e popular (os cantares de cego).

En *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza* (Premio Abrente 1978) bota man da figura de Creonte, que intenta por todos os medios manterse no poder despois da morte de Edipo.

Coa peza titulada *Fedra* (1982) inicia un grupo de obras coas mulleres como protagonistas. Entre elas destaca *Electra* (1994), na que a figura principal representa o poder oligárquico, sempiterno culpable do drama das clases populares.

Continuando cos motivos femininos, creou unha galería de obras que el mesmo denominou “mulleres apaixonadas”: *A noite dourada de Mimí de Cora* (1982), *Xoana* (1985), *A paixón de Blenda Moore* (1988), etc., nas que presenta un modelo de muller marxina nunha sociedade machista en que só se lle recoñece a beleza física e unicamente se valora como cónxuxe e nai.

Mais tamén agroman as voces masculinas míticas noutras pezas dramáticas incluídas en *O perfil do crepúsculo* (1995).

No tocante á mitoloxía galega, procura un futuro esperanzador simbolizado por un mundo máxico, no que aínda existen os soños e as ilusións. Moitas destas pezas, polos seus temas, inclúense no teatro infantil: *O soño das cidades* (1986), *O bosque máxico de Xabarín* (1988), etc.

- **O teatro por dentro.** Neste grupo estarían inseridas algunhas das obras xa vistas e outras en que se tratan os problemas sociais e psicolóxicos de actores e directores. Este é o caso de *A canción do deserto* (1991), *Como un susurro* (1992), *A ilusión da escena* (1992)... Nas creacións, a ilusión e a fantasía substitúen á realidade.
- **O teatro sen palabras.** Agrúpase aquí unha serie de traballos en que o autor reduce ao mínimo as anotacións ou as elimina, e deixa liberdade ao director de escena e aos actores. Isto sucede en *Edén e outros paraísos* (1981), *Veladas indecentes* (1996), etc.
- **A dificultade nas relacións interpersoais.** Nas obras que toman este contido como motivo central trátanse as relacións familiares e os problemas da comunicación entre as persoas. Exemplos diso son *Magnetismo* (1996) ou *O circo da medianoite* (1998), peza na que realiza unha crítica xeral de moitos dos estamentos sociais: os críticos de teatro, os políticos que levan a cabo privatizacións, os arquitectos, os xornalistas e os medios de comunicación... Na mesma liña crítica e pesimista continúa *A conquista da cripta* (1998), onde se produce unha confrontación entre xeracións (pai e fillo), que simboliza a renovación da arte como simple moda e obxecto de consumo. A visión exposta nestas obras e o seu modo de crear chegou a recibir o nome de “estilo terrorista”.  
Independentemente destas liñas temáticas, de xeito máis recente publicou algúns volumes que reúnen varias obras como *Insomnes* (2004), *Nocturnos* (2005) ou *A noite dos cabaleiros* (2006).
- **Euloxio Rodríguez Ruibal** (Ordes, 1945) é un dramaturgo que combina as tendencias europeas e o compromiso coa situación social e política de Galicia.  
Entre 1973 e 1975 viu a luz unha triloxía sobre a Guerra Civil e a ditadura que abrangue as obras *Zardigot*, *A sonada e proveitosa enchenta do Marqués de Ruchestinto no derradeiro século da súa vida* e *O cabodano (Cerimonia de laios e salaios)*.  
En 1989 gañou o premio Álvaro Cunqueiro con *Azos de esguello*, peza que estrutura en secuencias independentes pero que trata unha realidade política diferente, a Galicia autonómica na que os políticos son presentados de forma crítica e irónica. Destacan nela a sinxeleza de recursos para representar os personaxes e a elaboración do discurso.  
Na década seguinte mostra a súa preocupación e reprobación pola política ambiental, como en *Maremia* (1998).  
Outras obras súas son: *O son da buguina* (1999), *Minimalia* (2005). Tamén escribiu teatro para nenos: *Teatro infantil* (1988), *Brinquemos ó teatro* (1990) e *Teatro infantil e xuvenil* (1991).
- **Roberto Vidal Bolaño** (Santiago de Compostela, 1950-2002) foi un creador que se caracterizou por incorporar ao sistema dramático galego elementos populares, como o Entroido, e tamén os últimos avances tecnolóxicos; converteu, ademais, a representación da historia de Galicia en ensinanzas de validez universal.  
A súa obra inicial é *Laudamuco, señor de ningures* (1976), á que seguiu no mesmo ano, *Ladaíñas pola morte do Meco*. Nas dúas trata a inxustiza dun poder imposto e as consecuencias para as clases máis desfavorecidas.  
*Días sen gloria* (1992) é unha crítica contra o poder alienador (a Igrexa, a sociedade de consumo, os medios de comunicación).  
*Bailadela da morte ditosa* (1980), *Cochos* (1988), *Agasallo de sombras* (1984), *Saxo tenor* (1991), *As actas escuras* (1992) e *Doentes* (1997) foron as súas últimas obras. Postumamente publicouse *Animaliños*.